XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

cofc Colegio Oficial de Farmacéuticos de la Provincia de A Coruña

COLEXIO OFICIAL DE FARMACÉUTICOS DE LUGO

COLEXIO OFICIAL DE FARMACEUTICOS DE OURENSE

Colegio de Farmacéuticos de Pontevedra

PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS PARA A EXPEDICIÓN DOS CERTIFICADOS COVID-19 INTEROPERABLES DE VACINACIÓN, DE PROBAS DIAGNÓSTICAS E DE RECUPERACIÓN

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, de 17 de xullo, de conformidade co Decreto 137/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servicio Galego de Saúde, así como no establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, D. Héctor Castro Bernardino (DNI 32.835.797P) presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña; D. Alejandro María Sánchez-Pérez Mel (DNI 33.313.428K) presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo; D. Santiago Leyes Vence (DNI 44.473.990 V) presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense; e Dª Alba Mª Soutelo Soliño (DNI 36.033.229A) presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das súas facultades que a cada un deles lle están conferidas, con plena capacidade para formalizar o presente protocolo e polo exposto:

MANIFIESTAN

I.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O artigo 4 da citada Lei 8/2008, de 10 de xullo, determina que se garanta a todas as persoas a atención sanitaria en situación de urxencia e emerxencia, con pleno respecto á súa personalidade, dignidade e intimidade, sen ningunha discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión, idioma, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 52 da mesma Lei 8/2008, refírese á atención a urxencias e emerxencias, establecendo que todo o Sistema Público de Saúde de Galicia prestará a atención continuada e de urxencia a través dos seus dispositivos asistenciais.

Asi mesmo prevé que en situacións de emerxencia orixinadas por catástrofes ou accidentes en calquera lugar de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia facilitará a asistencia sanitaria «in situ», o traslado de persoas afectadas e a asistencia nos centros máis apropiados.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE CONSELLEIRO

Xacobeo 21·22

galicia

A atención de urxencia prestarase ao paciente nos casos en que a súa situación clínica obrigue a unha atención sanitaria inmediata, e dispensarase tanto en centros sanitarios coma fóra deles.

O mesmo precepto indica que ante situacións de crise, alerta ou alarma de saúde pública, o Sistema Público de Saúde de Galicia responderá con mecanismos e accións precisas que garantan a protección da saúde da poboación.

II.- A Consellería de Sanidade (a través do Servizo Galego de Saúde) e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra teñen formalizado con anterioridade un convenio de colaboración polo que se concertan as condicións en que as oficinas de farmacia legalmente establecidas na Comunidade Autónoma de Galicia colaboran profesionalmente co Servizo Galego de Saúde no desempeño da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde no ámbito extrahospitalario.

Ademais, con data 5 de maio de 2020, as partes asinaron un convenio para posibilitar o acceso controlado a mascarillas por parte das persoas que aporten na tarxeta sanitaria o 0% e o 10% e os seus ingresos non superen os 18.000 €, a través das oficinas de farmacia adheridas ao Convenio para a prestación farmacéutica subscrito entre as partes que voluntariamente desexen participar, o que será xestionado polo seu colexio profesional.

Por outra banda, con data 10 de xullo de 2020 as partes asinaron un Protocolo de actuación para o control de covid-19 no persoal que presta servizo nas oficinas de farmacia, xa que durante o estado de alarma e a crise sanitaria, o persoal das oficinas de farmacia ten garantido o acceso da cidadanía á prestación farmacéutica e colaborado coa autoridade sanitaria no control de existencias de determinadas especialidades.

Os colexios Oficiais tamén teñen colaborado na realización de estudos de epidemiolóxicos mediante probas de anticorpos así como na xestión de mostras de saliva para a realización de PCR por pooling á súa poboación de referencia, que teñen amosado a súa utilidade na detección e seguimento de casos positivos de COVID-19, especialmente naqueles momentos e lugares nos que tiña especial transcendencia dita labor de detección.

III.- O día 1 de xullo de 2021 entraron en vigor o Regulamento (UE) 2021/953 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de xuño de 2021, sobre o certificado COVID dixital da Unión Europea, e o Regulamento (UE) 2021/954 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de xuño de 2021, relativo a un marco para a expedición, verificación e aceptación de certificados COVID-19 interoperables de vacinación, de proba diagnóstica e de recuperación (certificado COVID dixital da UE) con respecto aos nacionais de terceiros países que se encontren ou residan legalmente nos territorios dos Estados membros durante a pandemia de COVID-19.
Isto significa que os/as cidadáns/cidadás e residentes da UE poderán agora expedir e verificar os seus certificados COVID dixitais en toda a Unión.

O obxecto dos certificados COVID dixitais é facilitar a circulación libre e segura dentro da UE durante a pandemia de COVID-19. Para tal efecto, recoñécese aos cidadáns europeos o dereito á libre circulación, tamén sen o certificado, pero este facilitará as viaxes e desprazamentos, eximindo aos seus titulares de restricións como a corentena.

Os certificados COVID dixitais da UE son accesibles para todos e abranguen a vacinación, as probas diagnósticas e a recuperación da COVID-19, son de balde e están dispoñibles en todas as linguas da Unión. Existen en formato dixital e impreso, son seguros e inclúen un código QR con sinatura dixital.
A persoa titular terá dereito a solicitar a expedición dun novo certificado se os datos persoais contidos no orixinal non son exactos ou se deixaron de selo ou, se de estar actualizados tamén no que se refire á vacinación, ao resultado da proba ou á recuperación da persoa titular, ou se o certificado orixinal xa non está ao dispor desta.

O artigo 5 do Regulamento (UE) 2021/953 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de xuño de 2021, refírese aos certificados de vacinación indicando que os Estados membros expedirán, automaticamente ou a petición da persoa de que se trate, os certificados de vacinación a que se refire o artigo 3, apartado 1, letra a), ás persoas ás que se administrase unha vacina contra a COVID-19. Ditas persoas serán informadas do seu dereito a un certificado de vacinación.
Dito certificado expedirase nun formato seguro e interoperable de conformidade co artigo 3, apartado 2, logo da administración de cada dose, e indicará claramente se se completou ou non o ciclo de vacinación.

Por outra banda, o artigo 1 do Regulamento (UE) 2021/954 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de xuño de 2021, establece que os Estados membros aplicarán as normas establecidas no Regulamento (UE) 2021/953 aos nacionais de terceiros países que non entren no ámbito de aplicación de dito Regulamento pero se encontren ou residan legalmente no seu territorio e teñan dereito a viaxar a outros Estados membros de conformidade co Dereito da Unión.

IV.- Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4% fronte ao 19,6% do conxunto de España.
A este factor de envellecemento poboacional súmanse os da dispersión e a fenda dixital, o que pode supoñer atrancos para a poboación de idade á hora de acceder a determinadas utilidades ou servizos en soporte dixital, ou mesmo para incorporalos como parte da súa actividade vital.

A rede de farmacias de Galicia constitúe un activo importante na prestación farmacéutica de cobertura pública, e pode servir para facilitar o acceso da poboación a utilidades relacionadas directamente coa súa saúde, ademais da prestación farmacéutica propiamente dita, como xa se ten constatado durante a pandemia a través da contribución realizada no acceso da poboación á subministración de máscaras, ou na realización de test para a detección de COVID na poboación dos respectivos ámbitos territoriais.

Por iso, as partes asinantes amosaron o seu interese para artellar, a través dun protocolo, a necesaria coordinación para a expedición dos certificados COVID interoperables de vacinación, co obxecto de facilitar os eu acceso ás persoas que non dispoñan dos medios telemáticos necesarios para o seu acceso ou que carezan dos instrumentos ou habilidades para a súa obtención polas cantes habilitadas institucionalmente, e para tal efecto formalizan o presente protocolo, que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente protocolo ten por obxecto establecer as liñas de actuación e accións previstas polas partes para facilitar o acceso da poboación á obtención dos certificados COVID interoperables de vacinación, de proba diagnóstica e de recuperación previstos no Regulamento (UE) 2021/953 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de xuño de 2021, sobre o certificado COVID dixital da Unión Europea.

Segunda.- Compromisos asumidos polo Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde, asume os seguintes compromisos:
- Facilitar o acceso polas oficinas de farmacia a través das que ten lugar a prestación farmacéutica a cargo do Servizo Galego de Saúde, aos aplicativos necesarios para a xeración dos certificados COVID interoperables de vacinación, de proba diagnóstica e de recuperación, por solicitude das persoas beneficiarias da asistencia sanitaria prestada polo Sistema Público de Saúde de Galicia.
- Intercambiar a información técnica necesaria para o acceso coa finalidade indicada, así como a solución das incidencias que se puidesen producir.
- Garantir o cumprimento das normas aplicables en materia de confidencialidade e de protección de datos persoais.

Terceira.- Compromisos asumidos polos Colexios Oficiais de Farmacéuticos

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de A Coruña. Lugo, Ourense e Pontevedra asumen, a través das oficinas de farmacia que voluntariamente participen nesta iniciativa, os compromisos seguintes:
- Facilitar ás persoas beneficiarias da asistencia sanitaria prestada polo Sistema de Saúde de Galicia que así o soliciten, ou aos seus representantes legalmente habilitados, o acceso aos certificados COVID interoperables de vacinación, de proba diagnóstica e de recuperación.
- Facilitar a información que lle sexa solicitada polas autoridades sanitarias competentes, en relación cos certificados expedidos ou as persoas solicitantes, así como comunicar calquera incidencia ou anomalía que detecten.
- Observar as normas aplicables en materia de confidencialidade e protección de datos persoais na expedición dos certificados, así como na comprobación da identidade da persoa solicitante.

Cuarta.- Protección de datos e transparencia.

As partes obríganse a respectar as disposicións e esixencias establecidas na normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal, composta fundamentalmente polo Regulamento (UE) 2016/679 (Regulamento Xeral de Protección de Datos); a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; a Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e deberes en materia de información e documentación clínica, e os criterios ao respecto previstos pola lexislación autonómica; a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia; a Lei 3/2001, de 28 de marzo, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada

pola Lei 3/2005, de 7 de marzo; o Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, modificado polo Decreto 164/2013, de 24 de outubro, e polo Decreto 168/2014, de 18 de decembro; así como polo resto da normativa de desenvolvemento.

Asi mesmo, as partes asinantes manifestan o seu consentimento e autorización para que os datos persoais que consten no protocolo, e o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, de conformidade co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Quinta.- Duración.

O presente protocolo terá unha vixencia de seis meses, contado a partires da data da súa sinatura. Ao finalizar o prazo inicial, a súa vixencia poderá ser prorrogada por períodos anuais.

Sexta.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente protocolo:
a) A expiración do prazo previsto para a súa vixencia, ou as súas prórrogas.
b) Cando o seu obxecto deixe de ser necesario para a finalidade acordada.
c) Por mutuo acordo das partes.
d) Por incumprimento, total ou parcial das súas cláusulas.
e) Por imposibilidade xustificada de cumprir o seu obxecto.
f) Pola desaparición das causas que o motivaron.

Sétima.- Financiamento.
As actuacións previstas no presente documento non xerarán custes nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e por tanto, non precisan consignación orzamentaria específica.

Oitava.- Comisión de seguimento.

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase unha Comisión Mixta integrada por un representante de cada unha das partes asinantes.

Dita comisión será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente protocolo.
Reunirase cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, alo menos unha (1) vez cada seis meses.
A Comisión Mixta emitirá unha avaliación anual do cumprimento e do grao de desenvolvemento do mesmo. Unha vez finalizado el período de aplicación do presente protocolo dita comisión realizará unha avaliación final, que fará pública ante os órganos reitores das institucións asinantes.
Corresponderá á Comisión Mixta, entre outras, as seguintes funcións:
a) Impulsar e debater as iniciativas e accións específicas que se propoñan levar a cabo en cumprimento do obxecto do presente protocolo ou dos convenios específicos que a tal efecto se poñan en marcha.

b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente protocolo, e as súas posibles modificacións.
c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución das dúbidas e discrepancias que poidan presentarse.

Novena. Natureza xurídica.

O presente protocolo ten natureza administrativa, carecendo de natureza xurídica de convenio, de conformidade co establecido no artigo 47.1 parágrafo segundo, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; se ben poderá aplicarse supletoriamente o disposto na citada lei en todo aquelo que non se opoña ao disposto no presente instrumento de colaboración. Este Protocolo Xeral, ao non ter carácter contractual, queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do disposto no seu artigo 6.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas por conciliación na Comisión de seguimento de conformidade cos principios da boa fe e confianza lexítima.

E en proba de conformidade, formalízase e asínase o presente protocolo en quintuplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data citados no encabezamento.

Pola Consellería de Sanidade	Polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña	Polo Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo
Julio García Comesaña	Héctor Castro Bernardino	Alejandro M.ª Sánchez-Pérez Mel
Polo Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense	Polo Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra	
Santiago Leyes Vence	Alba Mª Soutelo Soliño	